



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CURSO 2018–2019



**CEIP RÍA DO BURGO**

**CULLEREDO**

R/María Cagiao, 8  
15174 CULLEREDO (A CORUÑA)  
Teléfono 981 667 356

Correo e.: [ceip.riadoburgo@edu.xunta.es](mailto:ceip.riadoburgo@edu.xunta.es) Páxina web:  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipriadoburgo/>

**Pregámoslles que lean con atención esta circular e conserven esta información durante todo o curso.**

Con motivo do comezo do novo curso escolar 2017–2018, dirixímonos ás familias do noso alumnado para facilitarlles información de interese referida ao centro.

## 1- PROFESORADO

### 1.1 EQUIPO DIRECTIVO

- **Director:** D. Vicente Muñoz Hermida.
- **Xefa de Estudos:** D<sup>a</sup>. Bibiana Boedo Buño.
- **Secretario:** D. Óscar Lamiño Canedo.

### 1.2 TITORES/AS

- **Educación Infantil**
  - 3A – D. Xoan Xosé Prieto Pernas.
  - 3B – D<sup>a</sup>. Susana García Mirás.
  - 4A – D<sup>a</sup>. Aurora Iglesias Bermúdez.
  - 4B – D<sup>a</sup>. Bibiana Boedo Buño.
  - 5A – D<sup>a</sup>. Mónica Garrido Fernández.
  - 5B – D<sup>a</sup>. Miriam Freire Gómez.
  - Apoio EI – D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Arias Fernández.
  - Apoio EI – D<sup>a</sup>. Pilar Rama López.
- **Educación Primaria**
  - 1<sup>o</sup>A – D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jose Otero Yáñez.
  - 1<sup>o</sup>B – D<sup>a</sup>. Diana García González.
  - 2<sup>o</sup>A – D<sup>a</sup>. María Pena Lema.
  - 2<sup>o</sup>B – D. Miguel Rego Neira.
  - 3<sup>o</sup>A – D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Soledad Otero Fernández.
  - 3<sup>o</sup>B – D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Celia Taín Rilo.
  - 3<sup>o</sup>C – D. Miguel Camblor Quirós.
  - 4<sup>o</sup>A – D<sup>a</sup>. Leticia Barral Seijas.
  - 4<sup>o</sup>B – D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Corral Acebo.
  - 4<sup>o</sup>C – D<sup>a</sup>. María A. Varela Barbeito.
  - 5<sup>o</sup>A – D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Rosario Cadavid López.
  - 5<sup>o</sup>B – D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isabel Calvo Blanco.
  - 6<sup>o</sup>A – D<sup>a</sup>. Eva M<sup>a</sup> Sánchez Pardo.
  - 6<sup>o</sup>B – D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Mar Espasandín García.

### 1.3 PROFESORADO ESPECIALISTA

- **Inglés:** D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Cousido Calvo e D. Daniel Fernández Suárez.
- **E. Física:** D. Xoan Ramón González Acón e D. Óscar Lamiño Canedo.
- **E. Musical:** D. Vicente Muñoz Hermida.
- **PT:** D<sup>a</sup>. Purificación Penalonga Teijeiro e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Ángeles Lareo Bello.
- **AL:** D<sup>a</sup>. Dolores Mouro Pazos e D<sup>a</sup> Laura Abrales Gago.
- **Relixión Católica:** D.
- **Dpto. de Orientación:** D<sup>a</sup> Alexandra Lago Fidalgo.

### 1.4 PERSOAL NON DOCENTE

- **Conserxe:** D. Alfredo Quiroga Iglesias.
- **Administrativo:** D. Hipólito Vázquez Mourín.

## 2- XORNADA ESCOLAR E PUNTUALIDADE

- O horario da xornada lectiva é de **9:00 a 14:00 horas**, durante todo o curso, agás para o alumnado de 3 anos, durante o Período de Adaptación.
- Se algún alumno/a chega tarde ou ten que ser recollido/a antes da hora de saída, deberá **pasar por Conserxería**, acompañado do seu pai, nai ou persoa autorizada por escrito, para cubrir o xustificante que lle facilitará o conserxe.
- En cumprimento da Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 02/09/97), que regula a organización e funcionamento dos colexios de Educación Infantil e Primaria, **non se poderá acceder ás aulas en horario lectivo sen a debida autorización**. Por iso, e pola seguridade dos menores, **cando un alumno/a chegue tarde ou teña que ser recollido/a antes da hora de saída, será o persoal do centro que acompañe ao alumnado á clase ou quen o vaia buscar á mesma para entregarllo á súa familia**.
- Lembra que a **puntualidade redonda na calidade do ensino** e que, cando se producen reiteradas faltas de puntualidade á escola, estamos perxudicando a todo o alumnado da aula. **O éxito escolar necesita da implicación de todos/as** e, polo tanto, a **colaboración** é a base do traballo conxunto que familias e escola temos por diante.
- Seguindo o establecido no Protocolo para a Prevención e Control do Absentismo da Consellería de Cultura, Educación e O.U., como norma xeral:
  - **As faltas de asistencia deberán ser sempre debidamente xustificadas.**
  - As familias **comunicarán con antelación ao centro as faltas** que estean previstas.
  - En caso de imprevisto, comunicarse telefónicamente ou por e-mail ao centro, no mesmo día ou por escrito no día de reincorporación.

## 3- HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

- **Dirección:** De luns a venres de 9:05 a 9:50 horas.
- **Xefatura de Estudos:** De luns a venres de 9:05 a 9:50 horas.
- **Secretaría:** De luns a venres de 9:00 a 13:30 horas.
- **Titorías individuais cas familias:** As visitas ordinarias ou titorías de pais/nais de alumnado co profesorado do centro serán os **luns lectivos** do curso en horario de **17:00 a 18:30 horas**, na aula do alumno/a correspondente. Para unha mellor atención e organización das mesmas, prégase aos pais/nais a súa **solicitudade previa por escrito**.

## 4- DÍAS NON LECTIVOS

- **Períodos de vacacións escolares:**
  - **Nadal:** Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro (inclusives).
  - **Entroido:** 4, 5 e 6 de marzo.
  - **Semana Santa:** Do 15 ata o 22 de abril (inclusives).
- **Festivos:** 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 19 de marzo e o 1 e o 17 de maio.
- **Día do Ensino:** 7 de decembro.
- **Festivos dos centros escolares do Concello:** Venres, 2 de novembro 2018 e luns, 20 de maio de 2019.

## 5- ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS E SAÍDAS

- O alumnado de **Educación Infantil** e o de **1º e 2º de Educación Primaria** entrará **pola porta inferior do centro**. Cando a **choiva** sexa abundante, e para evitar que o alumnado se molle, **abrírase de xeito excepcional** esta porta uns minutos antes para que os nenos/as, **baixo a custodia das súas familias**, poidan resgardarse da choiva na zona cuberta do patio, respectando, aínda así, **a hora de entrada do centro**, que non se producirá ata que empece a soar a música de entrada.
- O **alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria** entrará **polo portalón lateral do edificio**. O alumnado realizará as saídas polas mesmas portas que as entradas.
- Haberá dúas sinais musicais: a primeira será para que o alumnado entre e se vaia colocando na fila, e a segunda para entrar nas aulas.
- Á hora da saída, unha vez que os nenos/as son entregados aos pais/nais, **non poden volver a entrar no recinto escolar**.

- **MOI IMPORTANTE:** Pola **seguridade** dos menores e para evitar posibles accidentes, prégame **respectar a sinalización** situada na entrada do aparcamento, e non entrar nin aparcar coches de ningunha clase na zona de aparcamento exclusivo dos mestres/as e Policía Local, nin nas entradas nin ás horas de saída (tanto ao rematar as clases, coma o comedor e/ou as actividades extraescolares). Ademais, polo mesmo motivo, debe **circularse como peóns na zona habilitada a tal fin**, que se atopa pegada ao muro do Colexio e **nunca pola zona de aparcamento**. Lembrade que os adultos somos modelos de comportamento para os pequenos/as.

## 6- OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

- O centro utilizará, como **canles de comunicación** coas familias para notificacións e convocatorias importantes, a **páxina web do colexio** e as aplicacións **TokAppSchool** e **AbalarMóbil**.
- Lembramos a todos os pais/nais que queiran **cambiar as ensinanzas de Relixión ou Atención Educativa** para este curso, que deberán  **cubrir un impreso en Secretaría** para o cambio, sendo o último día o **17 de setembro**, data a partires da cal non se poderá facer ningún cambio.
- É **OBRIGATORIO** que as **familias comuniquen ao centro calquera variación dos seus datos** en canto a domicilio, teléfonos de contacto, datos médicos ou calquera outro aspecto relacionado coa comunicación co centro e/ou as autorizacións pertinentes.
- **HIXIENE:** Todos os cursos temos serios problemas cos **piollos**. Pregámoslles que, co comezo do curso escolar, revisen diariamente as cabezas dos seus fillos/as, para tratar de erradicar estes parásitos. **O alumnado debe traer os seus propios panos de papel para o seu uso persoal.**

## 7- ANPA “LA LAGUNA”

- **UBICACIÓN:** O local da ANPA está localizado nas antigas aulas habilitadas (accedendo pola entrada principal á dereita).
- **HORARIO:** En setembro e xuño o horario de atención presencial ao público é os luns de 9:00 a 10:00 horas e os venres de 9:00 a 9:30 horas. O día 21 de setembro (venres) remata o prazo de altas e baixas nas actividades extraescolares, polo que os días 12, 13 e 14 a ANPA terá horario de atención de 9:00 a 10:00 horas.

- O horario durante o resto do curso será os luns de 9:00 a 10:00 horas e os venres, de 9:00 a 9:30 horas.
- **Teléfonos de contacto:** 679 676 223
- **Blogue da ANPA:** <http://anpalalaguna.blogspot.com.es>
- **A ANPA nomea un representante no Consello Escolar.**
- **Representantes de pais/nais no Consello Escolar:**
  - D. José Luis López Silvarredonda
  - D<sup>a</sup>. Raquel Parada Serantes
  - D<sup>a</sup>. Verónica Pérez Rouco
  - D<sup>a</sup>. Virginia Villanueva López

## 8- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- Xestionadas pola ANPA.
- O centro oferta a **Biblioteca Escolar** polas tardes, de martes a venres, en horario de **16:00 a 18:00 horas**, para o alumnado de **E. Primaria**, e de acordo á normativa da Biblioteca.
- **Recordamos que o alumnado que faga uso da Biblioteca só se pode recoller ás 17:00h ou ás 18:00h, sendo obrigatoria a puntualidade na recollida.**
- Os alumnos/as que asisten a actividades extraescolares ás 17:00h e permanezan na biblioteca na hora anterior, baixarán acompañados polos seus monitores/as desde a biblioteca. Os que van para casa irán cos mestres/as de garda ata ser entregados ás familias na saída de Infantil do centro. Se algún alumno/a ten que ir ao pavillón deberá comunicalo no centro, para sabelo e poder acompañalo.

## 9- DATAS DE ENTREGA DE BOLETÍNS ÁS FAMILIAS

- **1ª Avaliación:** 20 de decembro de 2018.
- **2ª Avaliación:** 28 de marzo de 2019.
- **3ª Avaliación:** 21 de xuño de 2019.

## 10- USUARIOS DO COMEDOR ESCOLAR

- O **horario** de comedor será de **13:45h a 16:00h**.
- Achégase o **impreso de autobarefacción**, do que se obterá a cantidade obxecto de aboamento por menú. Toda a información relativa aos prezos polo Servizo de Comedor Escolar figura no Decreto 132/2013 do 1 de agosto de 2013, polo que se regulan os comedores escolares.
- O **impreso cuberto** entregarase aos **titores/as antes do 14 de setembro**. A empresa adxudicataria do servizo de comedor é Sala Gradín Catering.

- Todo aquel **alumnado que presente algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria** ten a **obriga de entregar no centro a documentación actualizada** relativa a dita situación antes do comezo do curso, para que a empresa adxudicataria poida elaborar os menús axeitados.
- O servizo de Comedor Escolar comeza o 12 de setembro (1º día de curso) e remata o 21 de xuño (último día de curso).
- **Este curso haberá tres quendas de comedor.** As familias poderán recoller ao alumnado a partires das seguintes horas:
  - 1ª quenda (E. Infantil): 14:45h na porta de E. Infantil
  - 2ª quenda (1º, 2º e 3º de Primaria): 15:20h no portalón de E. Primaria
  - 3ª quenda (4º, 5º e 6º de Primaria): 15:50 na porta das escaleiras
- Ausencias do servizo de comedor:
  - **As ausencias ao comedor deberanse avisar como mínimo cunha antelación de 24 horas.** Soamente naqueles casos de indisposición ou imprevisto se poderá avisar no mesmo día antes das 9:45 horas. Preferiblemente empregarse o e-mail para os avisos ([ceip.riadoburgo@edu.xunta.es](mailto:ceip.riadoburgo@edu.xunta.es)). Os avisos **SEMPRE** serán dados á Dirección do centro e **NUNCA** aos títulos/as.
  - Os usuarios/as que en 3 ocasións non comuniquen a súa ausencia poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso durante 10 días.
- **Hixiene.**
  - Dado o elevado número de usuarios, o número insuficiente de lavabos e o pouco tempo do que se dispón para poder lavar as mans, **o alumnado de Infantil proporcionará aos monitores/as do comedor un paquete de toallíñas húmidas** para poder limpar as mans antes de comer.
  - Do mesmo xeito, todos aqueles/as usuarios/as que desexen lavar os dentes poderán facelo, sempre que sexa de xeito autónomo.
- Para consultar calquera dúbida relativa ao comedor poden chamar ao 680360640 (Tania).
- **Proxectos do centro:** O colexio participa no Proxecto Abalar, o Proxecto MUS-E e é centro Plurilingüe desde o curso 2017/18.
- **Hábitos saudables:** Desde o colexio queremos promover os hábitos saudables no alumnado (exercicio e alimentación). Proporemos actividades voluntarias.

**DESDE O CEIP RÍA DO BURGO POÑÉMONOS Á SÚA DISPOSICIÓN PARA CALQUERA DÚBIDA, ACLARACIÓN OU SUXESTIÓN, E DESEXÁMOSLLES UN BO CURSO 2018/19**

## 11- DATAS DE REUNIÓNS COAS FAMILIAS

NIVEL	DATA	HORA
<b>INFANTIL 3 ANOS</b>	5 de Setembro (martes)	10:00
<b>INFANTIL 4 ANOS</b>	8 de Outubro (luns)	17:30
<b>INFANTIL 5 ANOS</b>	15 de Outubro (luns)	17:30
<b>1º DE PRIMARIA</b>	24 de Setembro (luns)	17:00
<b>2º DE PRIMARIA</b>	24 de Setembro (luns)	17:00
<b>3º DE PRIMARIA</b>	24 de Setembro (luns)	17:00
<b>4º DE PRIMARIA</b>	24 de Setembro (luns)	17:00
<b>5º DE PRIMARIA</b>	1 de Outubro (luns)	17:00
<b>6º DE PRIMARIA</b>	1 de Outubro (luns)	17:00